



*I Plan de
Divulgación Científica da
Universidade de Vigo*

I Plan de Divulgación Científica da Universidade de Vigo



1. Introducción

A universidade, como axente xerador e transmisor do coñecemento, ten a obriga de achegarse á sociedade mediante a divulgación e a transferencia, sendo este un dos maiores retos aos que se enfronta. A transmisión a todos os públicos do coñecemento xerado, a concienciación

sobre a repercusión e rendibilidade do labor investigador en todos os ámbitos, e o aumento da cultura científica da sociedade, deben ser considerados obxectivos estratéxicos prioritarios de calquera universidade pública.

A Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación fai referencia, xa no seu preámbulo, ás relacións

e o diálogo entre ciencia, tecnoloxía, innovación e sociedade, recoñecendo as actividades de divulgación e de cultura científica como consustanciales á carreira investigadora. No seu artigo 2, no que se enumeran os obxectivos xerais da lei, inclúese especificamente o impulso da cultura científica, tecnolóxica e innovadora a través da educación, a formación e a divulgación en todos os sectores e no conxunto da sociedade, e o fomento da participación activa dos cidadáns en materia de I+D+i, así como o recoñecemento social da ciencia a través da formación científica da sociedade e da divulgación científica e tecnolóxica. Así mesmo, dedica o seu artigo 38 á Cultura científica e tecnolóxica, salientando a obriga das Administracións Públicas de fomentar as actividades conducentes á mellora da cultura científica e tecnolóxica da sociedade a través da educación, a formación e a divulgación, e a inclusión de medidas de apoio a esta liña de actuación nos Plans Estatais de Investigación Científica e Técnica e de Innovación, cunha formulación de eixo transversal.

A Estratexia Española de Ciencia e Tecnoloxía e de Innovación 2013-2020 establece como un dos seus eixos prioritarios a cultura científica, da innovación e emprendemento. Especifica que a con-

secución dos obxectivos da Estratexia require que, con carácter transversal, as actuacións realizadas contemplan a necesidade de incrementar a cultura científica e tecnolóxica e a creatividade no conxunto da sociedade española, achegando a ciencia, a tecnoloxía e a innovación aos cidadáns, e defendendo a imaxe da investigación, a tecnoloxía e a innovación como actividades que promoven o desenvolvemento e o benestar da sociedade. Así, o Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica e de Innovación 2017-2020, contempla accións de dinamización destinadas ao fomento da cultura científica e a innovación. Ademais, dentro do Programa Estatal de I+D+i orientada aos retos da sociedade, inclúe entre os seus obxectivos prioritarios a divulgación científica e tecnolóxica destinada a mellorar a percepción e valoración social da ciencia e a innovación.

Pola súa banda, o Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015 I2C inclúe entre os seus eixos estratéxicos a Difusión e divulgación, incidindo tamén no establecemento de accións continuadas para a sensibilización social sobre a importancia da investigación, a ciencia, a tecnoloxía, o desenvolvemento e a innovación para as sociedades avanzadas.

A nivel europeo, o programa H2020 tamén fai especial énfase en mellorar a difusión dos resultados de I+D+i e o impacto na sociedade. Así, nos modelos de acordos de subvención indícase expresamente, nos artigos 29 e 38, a obriga de difundir os resultados ao gran público, de modo estratéxico e efectivo.

A divulgación do coñecemento científico e tecnolóxico implica a difusión, non só dos últimos avances xerados nos organismos de investigación, senón tamén de informacións e contidos que non necesariamente son novos ou de actualidade, pero contribúen a aumentar o nivel de cultura científica e tecnolóxica da cidadanía.

Así mesmo, é importante salientar que o coñecemento científico e tecnolóxico comprende múltiples ámbitos ou áreas do saber. Como exemplo ilustrativo pódese mencionar a clasificación establecida polo Servizo de Información e Noticias Científicas (SINC), inspirada á súa vez na clasificación UNESCO do coñecemento, nas seguintes áreas: Ciencias Naturais, Tecnoloxías, Biomedicina e Saúde, Matemáticas, Física e Química, Humanidades e Arte, e Ciencias Sociais e Xurídicas.

O fomento da cultura científica pódese abordar utilizando diversas estra-

teñas de comunicación, en función do público ao que se dirixen. O carácter heteroxéneo da sociedade implica a consideración de vías de difusión diferentes segundo o colectivo destinatario, adaptando as mensaxes e formatos para facelos máis efectivos. O persoal investigador debe ser capaz de comunicar os seus coñecementos con rigor pero de forma alcanzable, utilizando unha linguaxe e unhas formas que resulten atractivos e comprensibles a persoas non especialistas na materia, para o que pode ser necesario que a universidade proporcione ao seu persoal o acceso a formación específica para mellorar as súas capacidades de comunicación ao falar de ciencia.

O I Plan de Divulgación Científica da Universidade de Vigo marca as liñas estratéxicas principais no que respecta á política de difusión da actividade investigadora da institución para o ano 2018.

A Universidade de Vigo mantén un firme compromiso coa calidade, a excelencia e o desenvolvemento da súa contorna socio-económica, con especial preocupación en facer chegar a investigación á sociedade. Durante os últimos anos realizouse un intenso labor de comunicación da actividade e logros da institución, e promovéronse iniciativas estratéxicas orientadas á mellora con-

tinua da investigación. Así, en maio de 2017 a Universidade de Vigo recibiu o selo de Excelencia en Recursos Humanos de Investigación (HRS4R), cualificación a nivel europeo xestionada por EURAXESS. Este selo é indicativo do compromiso da Universidade de Vigo na implantación dos principios da “Carta Europea do Investigador”, que inclúe entre os seus principios a divulgación do coñecemento xerado á sociedade. Xustamente, un dos puntos contemplados no plan de acción proposto pola institución no marco deste selo de excelencia céntrase no fomento deste aspecto.

No presente Plan se expoñen varias liñas de actividade que pretenden, non só contribuír a un mellor coñecemento da capacidade investigadora e de prestación de servizos da universidade por

parte da poboación, senón sobre todo a fomentar a mellora da cultura científica da nosa sociedade. As actividades propostas enfócanse a todo tipo de públicos, desde mozos en etapa preuniversitaria a colectivos afastados da actividade da universidade. Ao tratarse do primeiro plan global institucional neste ámbito, inclúense actividades de análise de situación e elaboración de ferramentas, que facilitarán o desenvolvemento de plans futuros.

Darase a coñecer a investigación realizada na Universidade de Vigo en todos os ámbitos de coñecemento, científico, humanístico, tecnolóxico e xurídico-social. Así mesmo, prestarase especial atención ás consideracións de xénero, de acordo co Plan de Igualdade da Universidade de Vigo.



Traballando no laboratorio durante os Campus Científicos de Verán do Campus do Mar

2. Obxectivos

Os obxectivos estratéxicos que se pretende alcanzar con axuda deste Plan son os seguintes:

- Visibilizar as principais liñas de investigación da universidade e os resultados máis relevantes alcanzados.
- Cumprir co compromiso de dar conta á sociedade dos resultados do investimento que fai o sector público na investigación.
- Dar a coñecer a oferta formativa da universidade, con especial referencia aos seus potenciais estudantes
- Dar a coñecer a oferta investigadora, de transferencia e de servizos da universidade, a empresas, organismos públicos e sociedade en xeral.
- Fomentar as vocacións científicas e o interese polo coñecemento e pola formación universitaria.
- Salientar a imaxe da Universidade de Vigo como unha organización comprometida coa súa contorna socio-económica.
- Fortalecer os vínculos entre a Universidade de Vigo e os axentes sociais no seu ámbito de influencia.
- Implicar na actividade da universidade a grupos de cidadáns habitualmente afastados das actividades de carácter científico.
- Mellorar a percepción da actividade investigadora e crear un clima favorable á ciencia, a tecnoloxía e a innovación.
- Contribuír á xeración dunha sociedade informada e con criterio propio sobre as modificacións que ocorren na súa contorna natural e tecnolóxica.
- Reforzar a proxección a nivel local, autonómico, nacional e internacional da ciencia española.



Rapaces e rapazas participando nun obradoiro na rúa sobre os otolitos dos peixes

3. Accións

As accións previstas no I Plan de Divulgación Científica da Universidade de Vigo realizaranse ao longo do ano 2018, e inclúen tanto accións novas como outras que xa se realizaban pero sen o marco global dun Plan.

Este Plan executarase en coordinación entre as Vicerreitorías de Investigación e Transferencia, de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais, de Estudantes, de Organización Académica e Profesorado, e as diversas áreas de especialización da Universidade de Vigo

(Campus Auga, Campus CREA, Campus Mar e Vigo Tecnolóxico), así como co Gabinete de Comunicación, Centros e outros axentes.

As accións expostas abarcarán a actividade da universidade en todos os ámbitos de coñecemento, científico, humanístico, tecnolóxico e xurídico-social. Así mesmo, de modo transversal, e de acordo co Plan de Igualdade da Universidade, prestarase especial atención á inclusión de consideracións de xénero e á difusión do papel da muller na xeración de coñecemento.



Participando nunha actividade no laboratorio de xenética do campus de Vigo (Campus Científicos de Verán)

As actividades propostas son as seguintes:

1. Análise de situación e elaboración dun catálogo de actividades de divulgación científica realizadas na Universidade de Vigo.

Abordarase como mínimo un período histórico de 3 anos, con especial referencia ao ano 2017. Inclúiranse as actividades de divulgación científica realizadas no período estudado a iniciativa de vicerreitorías, centros ou grupos de investigación, clasificándoas por tipos e ámbitos, e realizarase una valoración do histórico.

2. Posta en marcha dun portal na páxina web da universidade dedicado á divulgación científica.

Crearase un apartado específico na web da Vicerreitoría de Investigación e Transferencia dedicado a este aspecto, no que se publicarán materiais audiovisuais propios, ligazóns a webs de interese, anuncios, informes, etc.

3. Promoción da participación da Universidade de Vigo en convocatorias públicas especificamente orientadas á divulgación científica (convocatorias FECYT), e consideración da divulgación científica en proxectos de investigación presentados a outras convocatorias (H2020, MINEICO).

Neste apartado, prestarase especial atención á potenciación de equipos de investigación multidisciplinares, aproveitando as capacidades do persoal investigador da universidade de determinadas áreas de coñecemento (p.ex. Comunicación, Belas Artes) e especialización (p.ex. Campus CREA) relevantes no contexto da divulgación do coñecemento.

4. Creación dunha canle específica en UVigo -TV destinada á divulgación científica.

Analizarase o amplo repositorio audiovisual dispoñible en UVigo -TV e seleccionarase o material que poida resultar útil como ferramenta de divulgación científica, adaptando o seu formato se fose necesario e etiquetándoo para clasificalo nunha canle temática.

5. Elaboración de material audiovisual específico para a súa difusión en internet.

Elaboraranse vídeos curtos sobre temas divulgativos que poidan resultar de interese, relacionados coas distintas áreas de especialización da universidade, que se colgarán no portal de divulgación. Incidirase especialmente no traballo de investigadoras da Universidade de Vigo, e nos logros doutras mulleres investigadoras de relevancia histórica.



Aproximando as tecnoloxías da información e as comunicacións aos estudantes de secundaria (Campus Científico de Verán)

6. Participación da Universidade de Vigo en proxectos colaborativos interuniversitarios de ámbito estatal.

A universidade participará activamente, sempre que sexa posible, en iniciativas interuniversitarias relacionadas coa divulgación científica, como é o caso de proxectos promovidos pola CRUE: proxecto Campus Vivo, de exposicións temporais no MUNCYT mostrando a actividade realizada nas universidades españolas; proxecto Universo Sustentable, de realización de vídeos divulgativos sobre diversos temas para a súa emisión en RTVE.

7. Convocatoria piloto de axudas ás actividades de divulgación científica.

Elaborarase e publicarase unha convocatoria piloto de axudas orientadas á promoción das actividades de divulgación científica, destinada ao persoal investigador da Universidade de Vigo. Incidirase especialmente no enfoque innovador para a xeración de novos medios e materiais de divulgación.

8. Organización de xornadas de portas abertas dos centros de investigación da Universidade de Vigo

Celebraranse xornadas nas que se

poida coñecer a actividade realizada nos centros singulares e de apoio á investigación da universidade, tanto no referente á actividade dos grupos de investigación como aos medios dispoñibles e posibilidade de prestación de servizos.

9. Organización de actividades de formación sobre divulgación científica destinadas ao persoal investigador da Universidade de Vigo.

Tendo en conta que a divulgación científica require o emprego dunha linguaxe específica que permita que os contidos sexan comprendidos polo público obxectivo, sen que isto supoña perda de rigor, realizaranse xornadas de formación centradas neste aspecto e destinadas ao persoal investigador da universidade.

10. Organización e participación en eventos destinados á difusión da actividade universitaria á sociedade, orientados especialmente aos mozos en etapa preuniversitaria.

Neste apartado inclúense as actividades realizadas no contexto da Semana da

Ciencia, así como presenza en feiras educativas a nivel rexional, estatal ou internacional. Estas actividades xa se realizaban, promovidas polos Centros e/ou as Vicerreitorías competentes.

11. Presenza en medios de comunicación, organización de xornadas temáticas e conferencias divulgativas.

Fomentarase a elaboración e difusión de noticias sobre os logros máis destacados da institución, así como a realización de eventos puntuais orientados á sociedade en xeral (p.ex. conferencias, xornadas temáticas). Estas actividades xa se realizaban, promovidas principalmente polo Gabinete de Comunicación, así como por Centros e Vicerreitorías competentes.

12. Elaboración dun informe anual de actividades de divulgación científica da Universidade de Vigo.

Ao final do ano redactarase un informe de todas as actividades de divulgación científica realizadas, que se fará público, e que servirá de ferramenta para valorar o cumprimento deste Plan.